



## **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA PARA SELECCIÓN URGENTE DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA A LIMPEZA E MANTEMENTO DE VIAIS E ZONAS RECREATIVAS MUNICIPAIS.**

Pola alcaldía-presidencia de este concello, de conformidade co disposto nas bases que rexerán para a contratación de persoal laboral temporal desta entidade aprobadas polo pleno municipal en sesión de **2 de Abril de 1998 (BOP nº 86 de 17 de Abril de 1998)**, a tenor da existencia dunha necesidade efectiva de novo persoal para a prestación da obra ou servizo de **LIMPEZA E MANTEMENTO DE VIAIS E ZONAS RECREATIVAS MUNICIPAIS (Peóns Forestais)** durante o ano 2018 (dende o 05 de xullo hasta o 04 de setembro de 2018) que non pode ser atendida polo persoal existente posto que a acumulación de tarefas de limpeza e desbroce requiren dun incremento de horas de traballo que superaría a xornada máxima legal estipulada, pola presente,

### **RESOLVESE:**

Efectuar a convocatoria para a selección de persoal laboral temporal do Concello de Xove para os postos de traballo que se relacionan seguidamente:

<b>POSTO DE TRABAJO</b>	<b>Nº DE POSTOS</b>	<b>CUALIFICACIÓN PROFESIONAL</b>
<b>PEÓNS FORESTAIS E DE DESBROCE</b>	<b>6</b>	<b>PEÓNS FORESTAIS</b>

As características son as seguintes:

- a) **Tarefas obxecto do contrato ou contratos:** Peón Forestal e de Desbroce.
- b) **Duración:** Prazas a xornada parcial (30 horas semanas) desde o 05 de xullo hasta o 04 de setembro de 2018.
- c) **Retribución:** Segundo convenio ou normativa aplicable
- d) **Tipo de contrato laboral:** Laboral temporal a xornada parcial
- e) **Requisitos para a selección dos candidatos.**
  - a) Ser cidadán español ou cidadán membro dun estado da Unión Europea.
  - b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder da que no seu caso se fixe na convocatoria.
  - c) No padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das funcións.
  - d) Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas nin encontrarse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
  - e) Dispoñer de determinada titulación ou coñecementos específicos na materia de que se trate: Esíxese como mínimo Curso de Peón Forestal ou Equivalente
- f) **Sistema de publicación da convocatoria.**

A publicidade da convocatoria efectuarase mediante convocatoria a través do BOP.
- g) **Criterios de selección.** Para a admisión dos aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos:



- a) Proba conceptual tipo test sobre as actividades a realizar así como de seguridade e prevención neste tipo de traballos. Valoración de cómo máximo **7 puntos**.
- b) Valoración dos méritos extraídos dos Currículums presentados en referencia a cursos directamente relacionados coas tarefas do posto de traballo, tempo traballado en posto igual e que terá unha valoración máxima de **3 puntos**, a razón de **0,5 puntos** por cada un dos meses traballados.
- c) Realización dunha proba práctica que será valorada de forma independente e que se sumará á puntuación final acadada nos apartados anteriores. A valoración da/s proba/s prácticas terá un máximo de **5 puntos**.

As probas celebraranse o **Martes día 03 de Xullo de 2018 ás 11:00 horas na Aula de Formación Municipal**.

**h) Composición do tribunal:**

A selección dos aspirantes realizarase por un Tribunal presidido polo **Encargado do Negociado de Persoal** ou traballador en quen delegue, e integrarase como mínimo polas persoas que se relacionan seguidamente.

- **Secretario:** O secretario da corporación ou persoa na que delegue.

Vocais:

- **1º)** Vocal Titular: **Dna. Elena Santos Rey** (Interventora do Concello de Xove), e como suplente **D. Benigno González Mon**.
- **2º)** Vocal Titular: **D. José M. Rodríguez Rouco**, e como suplente a D. José Cociña Quelle.
- **3º)** Vocal Titular: **D. Andrés García Piñeiro** (Presidente do Comité de Empresa) e como suplente. **D. Albano Riveira Paleo**

Os aspirantes aprobados que non obteñan praza pasarán a constituir unha lista de reserva para cubrir eventuais vacantes ou substitucións.

**Xove, a 19 de Xuño do 2018**

**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE**